

DIARIO LORD BYRON

Yago Martínez

Daniel García

Javier Mulet

Lucía Villar

14 de xuño de 1816. Soedade dentro dunha mansión

FRASE: [...] Estou pensando en escribir o meu seguinte libro e contar todo isto para que o mundo o saiba [...]

Hoxe levanteime pensativo, tan pensativo que, tomando o café, me cuestionei varias opcións como se sería boa idea comprar a mansión na que me encontro actualmente con Percy Bysshe Shelley e Mary Shelley.

Incomódame o grande espazo que hai entre os extremos da mesa. Este espazo, que é como un longo camiño de rochas, provócame unha sensación de tristeza máxima e soedade. Ando polo corredor e a mente váiseme en pensar sobre a miña malformación noxenta, unha pesa na perna que me seguirá toda a miña vida. O corredor fáiseme eterno, hai unha pantasma do pasado que me persegue e me aterra.

Estou pensando en escribir o meu seguinte libro e contar todo isto para que o mundo o saiba, non obstante, levántome sen ánimo día tras día e voume dando conta de que a riqueza non está só nos luxos. Ás veces gustaríame cambiar esta soedade xa que aínda que esteamos os tres na casa, é moi rara a situación.

15 de xuño de 1816. Trocos no fogar

FRASE: [...] Hoxe estou de mellor ánimo e seguramente fale máis con Percy Bysshe Shelley e Mary Shelley, xa que elas seguramente se sintan como me sentín eu onte e iso ninguén o merece.

[...]

Esta semana vou comprar un can e seguramente compre a mellor caseta que hai no mercado para que se sinta cómodo, aínda que, pensándoo ben, igual traio unha cadela para que teña unha compañeira e non se sinta só, como me sinto eu nestes momentos. Hoxe estou de mellor ánimo e seguramente fale máis con Percy Bysshe Shelley e Mary Shelley, xa que elas seguramente se sintan como me sentín eu onte e iso ninguén o merece.

Igual reformo a casa e poño, en dúas das habitacións estreitas que hai, un salón de xogos, alí poderemos xogar ás cartas, escoitar música clásica, falar en calquera momento.

Agora xa son as cinco da tarde e falarei con Percy Bysshe Shelley e Mary Shelley para pór a miña proposta en común e ver que opinan sobre a compra dun can pequeno e as reformas da casa. Nótome algo máis contento que onte, non obstante, o meu estado segue nunha situación moi delicada.

16 de xuño de 1816 Noite tormentosa

FRASE: [...] Mary Shelley dixo que se lle ocorrera unha historia para o seu libro “Frankenstein” [...]

Hoxe levanteime e xunto ao meu café diario tomei unha froita moi saborosa, tamén hoxe necesito ter enerxías porque teño planeado un día axetreado xa que esta noite quedei con Mary e Percy Shelley, non obstante, durante toda a longa mañá estarei pensando no meu próximo libro e xa que nestes días estiven pensativo. Ocorreron cousas interesantes polo que decidín empezar a escribir, pasaron as horas e xa se podía intuír que pola noite, o ceo azul se enfurecería e comezarían a caer tronos ruidosos como caen as follas das árbores no outono. Nese momento chegaron Mary e Percy xa que saíron da casa un anaco para ver a natureza e intentar inspirarse. Elas tamén intentaban facer un libro. Cando chegou a noite, notábase no ambiente un aire de sospeita e de misterio propiciados polos raios e tronos que se viron e escoitaron durante unhas horas. Falamos e ás once máis ou menos Mary Shelley dixo que se lle ocorrera unha historia para o seu libro “Frankenstein”, o cal transcorre nunha noite como a de hoxe. Éncheme de orgullo e ponme eufórico a grande idea

que tivo Mary.

17 de xuño de 1816 Lectura de *Christabel*

FRASE: [...] Collín un poema dun tal Samuel L. Coleridge que se chamaba *Christabel*. Pareceume unha historia bastante interesante [...]

Era noite, decidín poñerme coa recompilación alemá de *Fantasmagoriana*. Eran xa sobre as tres ou as catro da madrugada e decidín ler algo para poder durmir. Collín un poema dun tal Samuel L. Coleridge que se chamaba *Christabel*. Pareceume unha historia bastante interesante, a verdade, recordo que trataba sobre unha muller orfa que vivía nun castelo gótico. Para o meu gusto está bastante ben, eu recomendaríallo á xente, porque seguro que lles gusta e lles parece interesante, como a min. Despois diso xa non me lembro de ter lido máis porque quedei durmido. Estaba tan calmado que as pestanas se ían pechando soas e tiña a sensación de que o libro me falaba, como se me dixese, sen ter eu que lelo, o fin. A miña testa era un conxunto de desconcerto e fascinación.

18 de xuño de 1816 Soños de guerra

FRASE: [...] Apetecíame comezar un relato sobre uns amigos que ían realizar unha viaxe a un lugar chamado Grecia [...]

Outro día máis no que me levanto, miro pola ventá e vexo a luz do sol brillante no ceo azul. Parece que hoxe será un día bastante soleado e, coa calor, a quen non lle apetece comezar así de ben un día? Apetecíame iniciar un relato sobre uns amigos que ían realizar unha viaxe a un lugar chamado Grecia. Estes quixeron facer un xuramento antes de morrer, pero iso quedou perdido por alí xa que o abandonaron.

Ao rematar de escribir xa me dispuxen a ir para a cama e durmir xa que mañá sería outro día. En verdade, nun futuro, a min gustaríame ser alguén, pero alguén que formase parte dunha loita grega ou algo así... Non obstante, todos temos soños e ese é un dos que teño eu, aínda que sinto que ese presentimento pode ser real, o que me fai sentir nervioso e emocionado.